

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN

Segundo o Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

e a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Na educación Secundaria Obrigatoria establécese un novo calendario para este final de curso que introduce o seguinte cambio: *A terceira avaliación parcial terá lugar a partir do 6 de xuño e a avaliación final a partir do 23 de xuño; non haberá avaliación extraordinaria.*

Segundo cada caso, durante o período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño, o alumnado realizará actividades de apoio, reforzo e recuperación relacionadas cos contidos, competencias ou estándares de aprendizaxe non superados.

A. Procedemento co alumnado que non acade unha cualificación de 5 ou superior na 3ª avaliación:

- Aplicarase unha atención individualizada, atendendo as dificultades de cada alumno/a e procurándolle o reforzo que precisa para superar a materia mediante:
 - ◆ Práctica da lingua estranxeira (expresión oral) e actividades e tarefas de aula (comprensión oral e escrita e expresión escrita). Presentación dun produto final (pequeno proxecto).
 - ◆ Especial atención ao desenvolvemento das competencias clave.

Para que esta atención sexa realmente individualizada, ademais do anterior, este departamento atenderá as propias demandas do alumnado (entrevista individual).

- O resultado da atención individualizada, xa que logo, do traballo individualizado, será o que modifique (ou non) a nota da 3ª avaliación.
- Haberá proba escrita final. O resultado do alumno/a será o froito da avaliación continua ao longo dos días anteriores ao 22 de xuño (cando terá lugar a avaliación final ordinaria).
- Os protocolos de actuación co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo non deixarán de ser aplicados.

- Terá especial relevancia a observación directa para a nota final (o alumno/a debe mostrar en cada momento o seu interese por querer superar a materia malia as dificultades que esta poida presentarlle).

B. Aquel alumnado que supere a materia na 3º avaliación, debe ter en conta que a actividade lectiva non remata ata o día 22 de xuño e que aínda deben superar a avaliación final ordinaria.

C. Procedemento co alumnado que acade unha cualificación de 5 ou superior nº 3º avaliación.

- O alumno/a realizará tarefas de ampliación relacionadas fundamentalmente coa cultura francófonas ou ben de apoio aos seus compañeiros que non teñan superada a materia.
- Segundo o seu progreso, este alumnado poderá aumentar a súa nota da 3º avaliación nun 10% como máximo. Se non existe ese progreso a nota final podería variar negativamente mesa mesma porcentaxe.
- Traballarase sempre de forma cooperativa, grupal e autónoma, respectando todas e cada unha das normas de convivencia na aula e na procura dun bo resultado final.

Xefa de departamento

Lucía Pérez Álvarez